

## **CONSULTA PÚBLICA PREVIA**

### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:**

- o Regulamento do Centro de Día.

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

#### **NORMATIVA:**

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### **PROCEDEMENTO**

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

#### **DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:**

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- o Regulamento do Centro de Día.

A normativa actual cuxa modificación se pretende foi aprobada polo Concello Pleno o día 25 de febreiro de 2010 visada polo Servizo de Inspección de Servizos comunitarios e inclusión social da Xunta de Galicia. O regulamento do Centro de Día debe ser obxecto de regulación independente por cambio da normativa autonómica nas competencias sobre centros comunitarios. O Concello de Narón iniciou os trámites para o contrato de concesión do servizo de xestión, organización e funcionamento do Centros Comunitarios Integrados "Manuela Pérez Sequeiros – Centro de día" e "Casas da Mariña" e faise necesario a modificación da normativa actual para a súa adaptación ás novas necesidades.